

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Proceso de selección para a provisión en propiedade dunha praza vacante con código 02.01.01.02, de persoal Auxiliar de Axuda a Domicilio, pertencente ao grupo 5 do Convenio Colectivo do Concello de Ponteareas (no momento da publicación da Convocatoria da OPE 2018), e na actualidade encadrada no Grupo 3, subgrupo 3 do Convenio, mediante quenda libre, incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2018, publicada no DOG núm. 130, de 10 de xullo de 2019. Bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra, núm. 96, de 20 de maio de 2022.

ASUNTO: CONTESTACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, VALORACIÓN DEFINITIVA DA FASE DE CONCURSO E CONVOCATORIA DO PRIMEIRO EXERCICIO

O día 17/01/2023, ás 08:30 horas, reúnense os seguintes membros do tribunal de selección co obxecto de resolver as alegacións presentadas á valoración da fase de concurso:

Presidenta: D^a Elizabeth Mella Lorenzo

Secretario: Jorge Rial Martínez

Vogais:

D. Fernando José Benasach Torres

D^a. Laura Osorno Iglesias

Asesora: Lara Carrera Martínez

Existindo quórum, iníciase a sesión

En sesión celebrada o pasado 3 de xaneiro de 2023 o Tribunal de Selección fixo constar en canto á valoración dos méritos, o seguinte:

“ A avaliación dos méritos da fase de concurso realizouse de conformidade co disposto na base 6.1, valorándose formación e experiencia:

a) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 5 puntos, nos seguintes termos:



Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,35 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,50 puntos
- Cursos de máis de 150 horas: 1 puntos.

b) Experiencia: A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria de similar ou igual categoría nos seguintes termos:

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou superior categoría á da convocatoria.
- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

O tribunal de selección, de conformidade co disposto na base 6.1 e coa finalidade de que exista maior claridade nos criterios empregados para a valoración dos méritos, acordou por unanimidade, ter en conta o seguinte:

Para valorar os cursos de formación tense en conta a normativa de referencia reguladora do servizo de axuda a domicilio: a orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda a domicilio, decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e a ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Ponteareas (publicada no BOP, núm.250 do 30 de decembro de 2015). Tamén se ten en conta, a maiores, o disposto na Relación de Postos de Trballo do Concello de Ponteareas (aprobada en sesión plenaria de 26 de decembro de 2018, e publicada no BOP de Pontevedra, núm. 3, de 4 de xaneiro de 2019).”

O día 4 de xaneiro de 2023 publicouse o resultado da fase de concurso no taboleiro de anuncios electrónico e na páxina web: www.ponteareas.gal, no apartado de emprego público. As persoas aspirantes tiveron un prazo de dez días naturais a contar dende o día seguinte á



publicación dos resultados no taboleiro de anuncios electrónico, para formular as alegacións que considerasen. As persoas aspirantes que non acreditaron suficientemente os méritos alegados, tiveron o mesmo prazo para presentar a documentación complementaria que se indicaba no apartado “observacións”. O último día do prazo foi o 15 de xaneiro de 2023.

Dentro do prazo establecido presentaron documentación complementaria (acreditativa dos méritos non acreditados suficientemente) ou alegacións as seguintes persoas candidatas:

- Alonso Calzado, Sofía (12.01.2023, con rexistro de entrada n.º 340)
- Arguelles Lander, María Susana (10.01.2023, con rexistro de entrada n.º 96)
- Bello Barcia, Anabel (13.01.2023, con rexistro de entrada n.º 399)
- Doval Lins, Zarina (09.01.2023, con rexistro de entrada n.º 187)
- Groba Fernández, Rosa Blanca (12.01.2023, con rexistro de entrada n.º 333)

De conformidade co anterior e unha vez supervisada a documentación complementaria achegada e as alegacións presentadas, o tribunal de selección acorda o seguinte:

Documentación complementaria presentada por Alonso Calzado, Sofía:

Presenta a documentación relativa aos méritos non acreditados suficientemente na solicitude inicial (contrato laboral do 05.10.2015). Procédese a valorar este mérito, incrementándose a puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional en 2,5 puntos.

Alegacións presentadas por Arguelles Lander, María Susana:

Estímase a alegación presentada. O Tribunal de selección na sesión celebrada o 3 de xaneiro de 2023, non valorou o curso de 355 horas “atención socio-sanitaria a persoas no domicilio”, titulación aportada a maiores da habilitante ou equivalente para participar no proceso (certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais). Procédese a valorar este mérito, incrementándose a puntuación outorgada no apartado de formación en 1 punto.

Alegacións presentadas por Bello Barcia, Anabel:

Desestímase as alegacións. A persoa aspirante alega méritos no apartado experiencia profesional (contrato de traballo e vida laboral) que non foron aportados na solicitude inicial. Na solicitude de participación no proceso selectivo unicamente aporta a titulación esixida na convocatoria e cursos de formación non relacionados coas funcións do posto, non homologados ou que non acadan o número mínimo de horas, polo que non poden ser baremados.



Alegacións presentadas por Doval Lins, Zarina:

Desestímase as alegacións. Na sesión do 3 de xaneiro de 2023 baremose o curso “comunicación con pacientes e familiares no entorno clínico” de 50 horas de duración e o curso de “cociña e repostería” de 30 horas de duración, por entender que están relacionados coas funcións do posto. Os restantes cursos aportados non poden baremarse por non acadar o número mínimo de horas ou por non estar homologados. Volve a achegar a titulación habilitante para participar no proceso selectivo (non baremable). Así mesmo, volve a achegar vida laboral. Na solicitude inicial aportou vida laboral e contratos de traballo na empresa Samaín, que xa foron baremados. Non achega contratos de traballo noutras empresas, polo que non procede valorar outros méritos.

Documentación complementaria presentada por Groba Fernández, Rosa Blanca:

Presenta a documentación relativa aos méritos non acreditados suficientemente na solicitude inicial (certificación de servizos previos). Procédese a valorar este mérito, incrementándose a puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional en 5 puntos.

De conformidade co anterior as puntuacións definitivas da fase de concurso son as seguintes:

APELIDOS E NOME	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	TOTAL PUNTOS FASE DE CONCURSO
ALFAYA RODRÍGUEZ, VANESA	TOTAL FORMACIÓN: 0	TOTAL EXP: 5	5
ALONSO CALZADO, SOFÍA	TOTAL FORMACIÓN: 2	TOTAL EXP: 5	7
ARGÜELLES LANDER, MARÍA SUSANA	TOTAL FORMACIÓN: 2,1	TOTAL EXP: 1,8	3,9
BELLO BARCIA, ANABEL	TOTAL FORMACIÓN: 0	TOTAL EXP: 0	0
DOMÍNGUEZ NOVOA, PABLO	TOTAL FORMACIÓN: 2	TOTAL EXP: 0	2
DOVAL LINS, ZARINA	TOTAL FORMACIÓN: 0,3	TOTAL EXP: 1,5	1,8
GIL GIRÁLDEZ, MÓNICA	TOTAL FORMACIÓN: 0	TOTAL EXP: 1,8	1,8
GROBA FERNÁNDEZ, ROSA BLANCA	TOTAL FORMACIÓN: 2	TOTAL EXP: 5	7
GROBA OUTERELO, JESUSA	TOTAL FORMACIÓN: 1	TOTAL EXP: 3	4
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, CARMEN	TOTAL FORMACIÓN: 2	TOTAL EXP: 0,7	2,7



PÉREZ MARTÍNEZ, MARÍA JOSÉ	TOTAL FORMACIÓN: 1	TOTAL EXP: 0	1
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, MÓNICA	TOTAL FORMACIÓN: 1	TOTAL EXP: 2	3
RODRÍGUEZ OUTERELO, CECILIA	TOTAL FORMACIÓN: 5	TOTAL EXP: 5	10
VILABOA CASTRO, CELIA	TOTAL FORMACIÓN: 0,4	TOTAL EXP: 5	5,4
VILLA COLLAZO, MARÍA DEL CARMEN	TOTAL FORMACIÓN: 0,85	TOTAL EXP: 5	5,85

Acórdase publicar esta acta no taboleiro de anuncios electrónico e na páxina web: www.ponteareas.gal, no apartado de emprego público.

Tal e como establece a base 11ª, contra a desestimación das reclamacións poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcaldesa), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico.

Así mesmo, o Tribunal de Selección ACORDOU que a realización do EXAME TIPO TEST (primeiro exercicio da fase de oposición), teña lugar o día 1 de febreiro ás 16:30 horas no Centro de Desenvolvemento Local en Ponteareas.

Dirección: Lomba do Cruceiro, 5 – RIBADETEA – 36866 - Ponteareas.

De conformidade coa base 6ª, o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 25 preguntas, con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, das cales 3 preguntas son de reserva. Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respostas, sendo soamente unha correcta, penalizando cun punto cada tres respostas incorrectas e non puntuando as preguntas non contestadas. A puntuación máxima por este exercicio será de 20 puntos, sendo preciso obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar o exercicio **provistas do DNI** e bolígrafo azul.

As puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaránse no taboleiro de anuncios e na páxina web; as persoas aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas. Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas, ou transcorrido o citado prazo convocarase ás persoas aspirantes que o superaron para a realización dos seguintes exercicios.

Os membros do tribunal de selección quedan convocados para o día 1 de febreiro ás 15:30 horas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas.



Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de mero trámite, non cabe recurso algún.

O secretario do tribunal,

Jorge Rial Martínez

Documento asinado electrónicamente



Cod. Validación: 5N7H5PW6CP7G3ZNERPGLZJK | Corrección: <https://pontareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPúblico | Páxina 6 a 6